

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 23 DE
NOVEMBRO DE 2018.

Asistentes

ALCADESA:

M.^ª CRISTINA CID FERNÁNDEZ

CONCELLEIROS

Polo BNG:

BERNARDO VARELA LÓPEZ
M.^ª TERESA DEVESA GRAÑA
ALBERTO CONDE RODRÍGUEZ
M.^ª ELENA SUÁREZ ESTÉVEZ
M.^ª ISABEL POISA REY
MANUEL CID PÉREZ
OLGA QUINTANA DEVESA

Polo PP:

LUZ DOPORTO REAL
JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ
MARIA DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ

Polo PsdeG-PSOE:

ZAIDA AUXILIADORA RODRÍGUEZ CAMBA

SECRETARIO:

MAXIMINO JARDÓN PEDRAS

---***---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Allariz, cando son as vinte horas (20.00) do día vintetrés de novembro do dous mil dezaioito, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros relacionados no encabezamento, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa, D.^ª. M.^ª Cristina Cid Fernández, a fin de celebrar unha sesión extraordinaria polo Pleno da Corporación.

Por razón de axenda e calendario, esta sesión, previo acordo dos grupos municipais, substitúe á sesión ordinaria do 30/11/2018. Na orde do día inclúense os asuntos propios dunha sesión ordinaria.

Non asistiu á sesión o concelleiro que a continuación se indica, quen previamente comunicou a súa ausencia por razóns persoais:

FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO LOSADA , *concelleiro do BNG*

Sen incidencias.

En cumprimento do acordo adoptado polo Pleno desta Corporación na sesión do 26 de outubro de 2018, en materia de administración electrónica, na que se aprobou a adaptación dos libros de actas e de resolucións a soporte electrónico, a gravación da presente sesión vai efectuarse en

modo audio e vídeo que recollerá a literalidade das intervencións e todos os concelleiros e concelleiras poderán ter acceso directo á dita gravación a través da URL <https://youtu.be/sBMvOt1cXUo>.

Segundo o citado acordo plenario, ademais dos demais datos preceptivos, a acta reflectirá o contido dos acordos alcanzados.

As gravacións íntegras da sesión quedan depositadas en Secretaría a disposición de todos os membros da Corporación.

ORDEN DO DÍA

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión celebrada o 26.10.2018.**
2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**
3. **ORZAMENTO XERAL 2019.- Aprobación inicial, se procede.**
4. **Moción do BNG sobre o 25 de novembro.**
5. **Moción do PP en relación co 25 de novembro, día internacional contra violencia de xénero.**
6. **Moción do PP sobre o IBI.**
7. **Moción do PsdeG-PSOE en relación ó día 25 de novembro Día Internacional contra a violencia de xénero.**
8. **Rogos e preguntas.**

---***---

1. ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión celebrada o 26.10.2018.

Apróbase pola unanimidade dos doce concelleiro presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta coporación local, sen modificación algunha.

2. Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.

Están a disposición dos grupos políticos no Libro de Decretos, na Secretaría, sinala a Alcaldesa.

3. ORZAMENTO XERAL 2019.- Aprobación inicial, se procede.

Debatido amplamente este asunto e, visto o expediente que se tramita para a aprobación do Orzamento Xeral da Entidade para o 2019, integrado polo propio do Concello e o correspondente á sociedade mercantil de capital integramente municipal, REATUR, S.A., e Medioambiental Alaricana S.L. que non prevé actividade algunha durante o exercicio.

Comprobado que na súa tramitación cumpríronse os requisitos previstos no artigo 162 e seguintes da Lei Reguladora das Facendas Locais, texto refundido aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, así coma os artigos 18 e seguintes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo 1º do título 6º da citada Lei 39/88.

De conformidade co dictamen da comisión de facenda, persoal e réxime interior de data 20 de novembro de 2018, o Pleno da Corporación, pola maioría absoluta legal, cos votos favorables do BNG (8), co voto en contra do PP (3) e coa abstención do PsdeG-PSOE (1), ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar o Orzamento Xeral do Concello de Allariz para 2019 integrado polos seguintes orzamentos:

a) O propio do Concello que ascende a **6.207.000 euros**, en ingresos, e igual importe en gastos, aprobándose en estado de equilibrio, co seguinte resumo xeral por capítulos:

ESTADO DE GASTOS

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA.- RESUMO XERAL POR CAPÍTULOS

| Cap. | DENOMINACIÓN | IMPORTE | % |
|------|-------------------------------------|------------------|---------------|
| 1 | GASTOS DE PERSOAL | 2.284.805 | 36,81 |
| 2 | GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS | 2.229.000 | 35,91 |
| 3 | GASTOS FINANCEIROS | 85.000 | 1,37 |
| 4 | TRANSFERENCIAS CORRENTES | 89.975 | 1,45 |
| 6 | INVERSIÓNS REAIS | 1.388.220 | 22,37 |
| 7 | TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | 0 | 0,00 |
| 8 | ACTIVOS FINANCEIROS | 0 | 0,00 |
| 9 | PASIVOS FINANCEIROS | 130.000 | 2,09 |
| | TOTAL | 6.207.000 | 100,00 |

ESTADO DE INGRESOS

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA.- RESUMO XERAL POR CAPÍTULOS

| Cap. | DENOMINACIÓN | IMPORTE | % |
|------|--------------------------------|------------------|---------------|
| 1 | IMPOSTOS DIRECTOS | 1.832.000 | 29,5 |
| 2 | IMPOSTOS INDIRECTOS | 50.000 | 0,8 |
| 3 | TAXAS E OUTROS INGRESOS | 1.544.500 | 24,9 |
| 4 | TRANSFERENCIAS CORRENTES | 2.043.500 | 32,9 |
| 5 | INGRESOS PATRIMONIAIS | 16.000 | 0,3 |
| 6 | ALLEAMENTO DE INVERSIÓNS REAIS | 225.000 | 3,6 |
| 7 | TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | 476.000 | 7,7 |
| 9 | PASIVOS FINANCEIROS | 20.000 | 0,3 |
| | TOTAL | 6.207.000 | 100,00 |

b. Presuposto de REATUR, S.A.

| Previsión de ingresos | Importe |
|-----------------------------------|----------------|
| Importe neto da cifra de negocios | 238.700 |
| TOTAL | 238.700 |
| | |

| Previsión de gastos | Importe |
|------------------------------|----------------|
| Gastos de persoal | 139.000 |
| Aprovisionamentos | 51.500 |
| Outros gastos de explotación | 110.500 |
| Amortización inmovilizado | 21.500 |
| Outros resultados | 200 |
| Gastos financeiros | 2.700 |
| TOTAL | 325.400 |
| Resultado do exercicio | 18.300 |

c. Presuposto de MEDIOAMBIENTAL ALARICANA, S.L.

En proceso de disolución por acordo do Pleno da Corporación reunido en Xunta Xeral da sociedade municipal en sesión ordinaria o día 28/04/2017.

SEGUNDO. Aprobar as Bases de Execución do Orzamento.

TERCEIRO. Aprobar a plantilla de persoal que se estrutura en persoal funcionario, laboral fixo e laboral temporal.

CUARTO. Aprobar o límite de gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos do orzamento, conforme ao disposto no artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

QUINTO.- Dispoñer que tra-la aprobación inicial se abra un trámite de exposición pública do expediente por prazo de 15 días mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados podrán examinalo e presentar reclamacións diante o Pleno. Se durante o citado prazo non se presentaran reclamacións o Orzamento considerárase definitivamente aprobado; no caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

O presuposto, definitivamente aprobado, insertarase no Boletín Oficial da Provincia resumido por capítulos, incluíndo o propio da Entidade e tamén os das Sociedades Mercantís Municipais, e simultaneamente remitirase unha copia á Administración do Estado e á Administración correspondente da Xunta de Galicia.

SEXTO.- Facultar á Alcaldesa tan amplamente como en dereito proceda para executar os presentes acordos, podendo expedir, asinar e correxir os erros materiais e involuntarios que se observen nos documentos aprobados.

Puntos 4º, 5º e 7º

En relación cos puntos 4º, 5º e 7º, acéptase a proposta da alcaldía de expoñer e debater conxuntamente as tres mocións referidas ó 25 de novembro, Día Internacional contra Violencia de Xénero.

Despois da exposición que fixo de cada unha das mocións polas ponentes de cada un dos grupos, unha vez fixada a posición política por parte de cada un deles, non sendo posible unha

proposta de integración entre as tres mocións acordouse a súa votación separadamente nos termos que se indican.

Fixación dos termos da votación:

- A moción proposta polo BNG vai ser votada se modificación algunha conforme ó texto presentado.
- Da moción do PP, o punto 3º da súa parte resolutive, substitúese a referencia á creación dunha *Comisión Interpartamental Municipal* pola creación dunha *Mesa Sectorial* (*).
- Da moción do PsdeG-PSOE suprímese íntegramente o punto 3º da parte resolutive (*).

4. Moción do BNG sobre o 25 de novembro.

Da conta da moción a concelleira responsable da Área de Benestar Social, María Isabel Poisa Rey.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vixencia da desigualdade, que ten a súa evidencia máis salvaxe nas violencias machistas contra as mulleres, debe comprometer ás institucións a destinar maiores recursos económicos, humanos e materiais para tal fin e situar o seu combate como un mandato de primeira orde os 365 días do ano. Só no que vai de 2018 foron asasinadas no noso país tres mulleres, unha situación insostible para calquera sociedade que se considere democrática, pois estamos a falar do máis elemental dos dereitos humanos, o dereito á vida, furtado pola violencia mais extrema do patriarcado.

Durante este 2018 evidenciáronse as moitas carencias que ten aínda unha xustiza tremendamente patriarcal. Casos como o da Manada desataron a nosa rabia e a contestación social, non só con importantes manifestacións no noso país, tamén coa repulsa de concellos e institucións de diversas cores políticas. Porén, a rabia non pode ficar nunha cuestión declarativa. Debemos pensar colectivamente nas melloras que precisa un ámbito tan elemental como o da xustiza.

Aínda sendo fundamental o papel que tiveron a lei estatal de violencia do 2004 e a galega do 2007, a ninguén se lle escapa que quedan moitas lagoas no seu cumprimento e desenvolvemento. Un dos ámbitos máis delicados é o xudicial. Se ben este marco, o nacemento no ano 2005 de xulgados especializados e outros pasos teñen sido moi importantes na vida de moitas mulleres, tamén é certo que debemos atallar as súas deficiencias con maior dilixencia. É clave un desenvolvemento pleno e máis xusto do marco legal, para que este non se quede nunha mera declaración formal e se proceda a súa aplicación material. Nese sentido a creación dunha unidade específica de Violencia Machista no ámbito da Dirección xeral de xustiza encargada de facer cumprir as leis contra a violencia de xénero facilitaríala unha maior fiscalización, seguimento e mellora. Vistos os casos que nos teñen escandalizado neste 2018 é obvio que cuestións tan elementais como a formación dos operadores xurídicos ou a habilitación de espazos seguros e íntimos para as vítimas son aínda incunpridos dunha forma que non é tolerábel.

Cada ano mais de 5000 mulleres acuden aos xulgados galegos a poñer denuncias, e isto é só a punta do iceberg. Estimase que só un 20% dos casos chega aos xulgados, polo que sería unha irresponsabilidade deitar exclusivamente neste ámbito as actuacións. Por iso, un dos aspectos máis importantes é avanzar na sensibilización social. Neste aspecto os concellos temos un papel clave, non exclusivo pero importantísimo, á hora de comunicar coa veciñanza.

Recentemente o goberno central publicaba no BOE do 3 de agosto o *Real Decreto-leí 9/2018 de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Neste incluíra a recuperación dos concellos de competencias na materia, pasando a engadirse no seu haber a "Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero". Desde o BNG preocupámonos que esta tan anunciada e publicitada competencia non veña acompañada dun financiamento suficiente nin duns criterios de reparto adaptados á realidade do noso país.*

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

1. Expresar o recoñecemento da Corporación ás históricas mobilizacións desenvolvidas polo feminismo galego ao longo de 2018 así como o apoio ás mobilizacións que impulsen as organizacións feministas galgas.

2. Expresar a nosa vontade de sumar desde a administración local a prol da erradicación da violencia machista, para o que se solícita da Xunta de Galiza que demande do goberno central o incremento substancial das cuantías destinadas á administración local nos Orzamentos do Estado de 2019, así como a reformulación dos criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país

3. Demandar da Xunta de Galiza a creación dunha Unidade de Violencia Machista específica integrada na Dirección Xeral de Xustiza encargada de facer cumprir a lexislación en materia de violencia machista. Dita unidade contará, como mínimo, cos seguintes obxectivos a desenvolver:

- Impulsar xulgados específicos de violencia de xénero en todas as cidades e avanzar nunha comarcalización dos xulgados acorde coa realidade do noso país e que garanta a igualdade do dereito de atención independentemente do lugar de residencia. Promover o tratamento dos delitos sexuais n este tipo de xulgados especializados.
- Promover medidas destinadas ao tratamento integral da violencia sexual como unha forma de violencia machista, conforme recolle a lei galega, prestando atención ás súas especificidades.
- Garantir a formación en violencia de xénero de todo o persoal que intervéñ no proceso xudicial, incluídos equipos forenses e psicosociais.
- Evitar a violencia institucional, por exemplo, gravando as declaracións das mulleres para que non teñan que repetila, unha e outra vez, ao longo de todo o proceso de denuncia.
- Garantir os espazos separados de declaración e agarda para evitar o contacto de vítimas e agresores así como dotar dos medios necesarios as oficinas de atención á vítima.
- Incluír nas avaliacións de risco avaliación do agresor para mellorar a eficacia á hora de adoptar as medidas de protección tanto das mulleres como das e dos menores.
- Dotar os servizos de garda dos xulgados de persoal especializado para atender as denuncias de violencia machista.

Allariz, 19 de novembro de 2018.

Resultado da votación:

Sometida a votación nos termos expostos, apróbbase pola unanimidade dos doce concelleiro presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta coporación local.

5. Moción do PP en relación co 25 de novembro, día internacional contra violencia de xénero.

Deu conta da moción a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, María del Carmen Pérez González.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A eliminación da violencia contra as mulleres é un reto de toda a sociedade, unha tarefa conxunta que require unha actuación unitaria e a máxima coordinación, colaboración e cooperación, sempre desde o respecto ao réxime de distribución competencial en todas as accións que se desenvolvan, posto que o traballo que se realiza para conseguir a súa erradicación implica a multitude de axentes, tanto desde o sector público como desde o privado.

Para iso, necesítase un consenso institucional, político e social que mostre, sen fisuras, o compromiso de todas as institucións coa sociedade galega para alcanzar os acordos que permitan avanzar na erradicación da violencia contra as mulleres.

Combater calquera forma de violencia de xénero: violencia física, violencia psicolóxica, violencia económica, violencia sexual, abusos sexuais, acoso sexual e a trata de mulleres e nenas explotadas sexualmente, debe ser unha cuestión de Estado, xa que a violencia contra a muller constitúe unha violación dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais.

Así o esixe a sociedade no seu conxunto xa que, nesta materia, só se conseguen avances se hai un compromiso de todos os sectores políticos e sociais para poñer na axenda, como un asunto prioritario, a loita contra todas as formas de violencia cara ás mulleres, conscientes de que se trata dunha cuestión que nos afecta como sociedade e como país e da que depende o futuro da nosa convivencia.

É unha tarefa que require unha actuación unitaria de todas as forzas políticas e da cidadanía, polo que é necesario seguir traballando na senda da máxima coordinación, colaboración e cooperación entre todos e todas e seguir concienciando á sociedade da necesidade de rematar con esta lacra para entre todos erradicar completamente a violencia de xénero.

A concienciación social foi e é esencial para erradicar o problema, por iso a necesidade de alcanzar acordos.

Nos últimos anos tense producido notables avances neste eido, pero hai que seguir traballando e acabar con calquera forma de violencia exercida contra a muller coa posta en marcha de leis e medidas para combatela. Entre estas medidas xa postas en marcha, están a aprobación da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e, o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, que supuxo un gran avance na unión de partidos políticos, administracións, institucións e organizacións na formulación de medidas para a erradicación da violencia de xénero.

Por todo o anterior o Grupo Municipal Popular do Concello de Allariz solicita do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Instar ao Goberno do Estado a incrementar os fondos destinados ao cumprimento do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, que están asignados aos concellos para programas dirixidos á erradicación da violencia de xénero.
2. Instar á Xunta de Galicia a incrementar os orzamentos destinados aos concellos para programas dirixidos á erradicación da violencia de xénero.
3. Instar ao Concello de Allariz á creación dunha *Mesa Sectorial* (*) para o seguimento da aplicación das actuacións contra a violencia de xénero, así como adherirse ás campañas que a Xunta de Galicia, en colaboración coa FEGAMP, pon a disposición dos concellos.

En Allariz, a 20 de Novembro de 2018.

Sometido a suntu a votación, apróbase pola maioría absoluta legal cos votos favorables dos grupos municipais do BNG (8) e PP (3), co voto en contra do PsdeG-PSOE (1).

7. Moción do PsdeG-PSOE en relación ó día 25 de novembro Día Internacional contra a violencia de xénero.

Da conta do texto da mocion a portavoz do grupo municipal do PsdeG-PSOE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Todos os días do ano deberían ser 25 de Novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

O Grupo Socialista quere manifestar o seu firme compromiso coas mulleres vítimas deste mal social que debe ser erradicado. E para iso necesitamos o compromiso individual de toda a cidadanía, homes e mulleres, e o compromiso colectivo de toda a sociedade; non un só día, senón todos os días do ano. A violencia machista interpélanos a todos e todas e a nosa abriga é combatela con todos os medios, empezando polas administracións, cada unha desde as súas competencias.

Para o PSOE, garantir unha vida libre de violencia para as mulleres, as súas fillas/os, é un obxectivo prioritario. Non seremos unha democracia plena mentres existan mulleres ameazadas e inseguras e mentres algunhas destas mulleres acaben asasinadas.

A violencia de xénero non ten cabida na sociedade que queremos ser, nin na democracia que queremos consolidar. Eliminala das nosas vidas e protexer ás vítimas non é unha opción, é unha abriga. As mulleres teñen dereito a vivir en liberdade e a que as súas vidas non estean en perigo polo feito de ser mulleres.

O combate contra a violencia machista e a atención ás vítimas non poderá avanzar se non se establecen mecanismos de coordinación entre as diferentes administracións con competencias na materia. Todas as institucións han de remar xuntas nese obxectivo, por enriba de formulacións políticas e estratexias. E para que iso sexa posible, hai que dotar ás administracións dos recursos económicos e do persoal especializado que se require.

O Congreso e o Senado aprobaron hai un ano as medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero cun amplo consenso entre todos os grupos políticos.

Desde xuño de 2018, España conta cun novo Goberno. Un goberno feminista comprometido coa igualdade e empeñado en acabar coa violencia de xénero. Das palabras pasouse aos feitos. Do inmovilismo á acción e puxéronse en funcionamento moitas das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Na reunión da Conferencia Sectorial de Igualdade celebrada o pasado 31 de xullo, á que tamén asistiron representantes da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) acordáronse, por unanimidade, os criterios para o reparto dos 100 millóns de euros, correspondentes ás Comunidades e cidades Autónomas, previstos no Pacto de Estado, e distribuíuse o fondo procedente da Delegación de Goberno contra a Violencia de Xénero de 9,5 millóns de euros. Do mesmo xeito, aprobáronse os criterios para o reparto dos 20 millóns de euros contemplados para os Concellos.

O 3 de Agosto aprobouse un Real Decreto Lei que xa foi convalidado, por unanimidade, no Congreso dos Deputados, que:

- Devolve as competencias aos Concellos na promoción da Igualdade e a loita contra a Violencia de Xénero, e establece o reparto dos 20 millóns de euros comprometidos no Pacto, que se dobrarán até 40 millóns no próximo ano. Os Concellos son unha peza imprescindible nesta batalla, o primeiro recurso e, en ocasións, o único que teñen ao seu alcance as vítimas.
- Modifica a Lei Integral contra a Violencia de Xénero para mellorar a asistencia nos procesos xudiciais e facilita o acceso aos recursos de asistencia, ao introducir que a acreditación de situacións de violencia poida realizarse a efectos administrativos mediante informe dos servizos sociais ou dos servizos de acollida. Desta maneira facilítase o acceso a dereitos laborais e ás prestacións da Seguridade Social.

- Modifica o Código Civil para que os menores expostos á Violencia de Xénero só necesiten o permiso dun proxenitor para recibir atención psicolóxica. Un maltratador non pode ser un bo pai.

Este Decreto-Leí está a ser tramitado no Congreso dos Deputados como Proxecto de Lei, tal e como expuxo o Goberno, co obxectivo de que se poidan incorporar ao mesmo o resto de medidas do Pacto de Estado que requiren modificacións legais.

Doutra banda, volveuse a pór en funcionamento o Observatorio de Saúde das Mulleres. Tamén se previu solucións habitacionais para mulleres vítimas de Violencia de Xénero dentro do Plan Estatal de Vivenda. E o próximo curso escolar contará con materias en valores e dereitos de igualdade.

Do mesmo xeito, nestes momentos, está a tramitarse no Congreso dos Deputados a Proposición de Lei do Grupo Parlamentario Socialista para reformar a Leí Orgánica do Poder Xudicial, co obxectivo de formar aos xuíces e maxistrados en materia de igualdade, así como para aumentar o número de xulgados do penal especializados en violencia machista.

Tamén, recentemente, o Congreso dos Deputados admitiu a trámite a Proposición de leí do Grupo Parlamentario Socialista para garantir a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e na ocupación, para avanzar na igualdade efectiva no ámbito empresarial e laboral.

Pola súa banda, no avance dos Orzamentos para 2019, o Goberno de España comprometeuse a financiar de maneira completa o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e a incrementar esta partida, de forma que os Concellos pasarán a percibir o dobre, é dicir 40 millóns de euros en 2019.

En definitiva, consenso, si, pero responsabilidade e celeridade, tamén. Urgencia, eficacia, lealdade ao Pacto de Estado e ó compromiso político.

Por todo isto, desde o Grupo Municipal Socialista propomos, para a súa aprobación polo Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Que o Goberno continúe impulsando as medidas recollidas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero nos ámbitos: educativo, social, xurídico, económico, de protección, de concienciación e de sensibilización social.
- 2.- Instar ás Cortes Xerais a axilizar todos os cambios legislativos impulsados polo Goberno para poder aplicar as medidas contidas no Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero o máis axiña posible.
- 3.- (*)
- 4.- Que o Goberno inste ós medios de comunicación a evitar aqueles contidos que transmitan un estereotipo de relacións de parella baseado en comportamentos machistas.
- 5.- Dar traslado da Moción e a súa aprobación ao Presidente do Goberno, á Vicepresidenta do Goberno e Ministra de Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade, e ao Presidente da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP).

En Allariz a 16 de novembro de 2018.

Resultado da votación:

Sometida a votación a moción nos termos expostos, apróbase pola unanimidade dos doce concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta corporación local.

6. Moción do PP sobre o IBI.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.- Xusto fai dous anos o Grupo Municipal do PP de G presentaba unha moción sobre o Imposto de Bens Inmóbiles (IBI) na que solicitaba a revisión da regularización feita entre 2011 e 2014, e a anulación do incremento dos valores catastrais con entrada en vigor no ano 2017.

Dos dous principais obxectivos, soamente se materializou o primeiro deles parcialmente, do cal nos felicitamos, xa que de 17.384 recibos de urbana en 2016 pasamos a 15.202 recibos en 2017. Isto significa que máis de 2.000 recibos que non debían figurar en Catastro, tal como nos dicíamos, se deron de baixa. Algo e algo. O que non puidemos conseguir, pola negativa do anterior Alcalde, foi anular a última subida de valores catastrais solicitada por el mesmo.

O anterior Alcalde do BNG, nos anos 2013, 2014, 2015 e 2016 solicitou directamente a Catastro, sen pasar polo Pleno do Concello, a subida dos valores catastrais, dando como resultado que as cotas a pagar nos recibos de 2017 foron un 76% maiores que no ano 2012. Neste momento o grupo Municipal Popular solicita como xa teñen feito noutros concellos unha rebaixa do 10% dos valores catastrais.

Por todo o exposto anteriormente, O Grupo Municipal do PP de G propón:

1.- Solicitar á Xerencia Territorial de Catastro que complete a revisión da regularización feita entre 2011 e 2014 para dar de baixa todas as construcións ruinosas ou cun estado de edificación moi deficiente.

2.- Solicitar en tempo e forma, á Dirección Xeral de Catastro, a diminución dun 10% dos valores catastrais respecto aos valores actuais de 2018.

Allariz, 20 de novembro de 2018

Resultado da votación:

Sometido o asunto a votación obtivo o seguinte resultado:

- Votos a favor: 3 (PP).
- Votos en contra: 9 [BNG (8) e PsdeG-PSOE (1)].

Queda rechazada a moción.

8. Rogos e preguntas.

Non se presentaron por escrito nin rogos nin preguntas.

Presencialmente, de forma oral, a portavoz do grupo municipal do PsdeG-PSOE, formula a seguinte pregunta:

Fai uns días saíu nos medios de comunicación o posible traslado do Museo do Xoguete, desexa saber qué posibles emprazamentos se barallan e data prevista.

Responde a Alcaldesa sinalando que, efectivamente estase valorando esta posibilidade porque desde fai anos se queda pequeno o espazo, cun número de coleccións que non se poden expor e ademais hai ofertas de novas donacións. É o museo máis visitado e polo tanto estase vendo un posible traslado para outro edificio municipal, concretamente para o inmoible que albergaba o museo de arte sacro de Aser Seara, e podería ser unha das posibles ubicacións, pero tamén depende das negociacións que se están levando a cabo con esta familia. Non hai data.

Finalmente, a Alcaldesa, *dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás vintedúas horas e corenta minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.*

A Alcaldesa, María Cristina Cid Fernández.

Dou fe, o Secretario, Maximino Jardón Pedras.

DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente acta foi aprobada por acordo unánime dos trece concelleiros que integran esta Corporación local na sesión plenaria ordinaria celebrada o día 25 de xaneiro de 2019, sen modificación algunha.

O Secretario,
Maximino Jardón Pedras

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE